

Anexo III - DOCUMENTO INFORMATIVO PARA PERSOAS TITULARES DE EXPLOTACIÓNS CON SOSPEITA DE ENFERMIDADE HEMORRÁXICA EPIZOÓTICA

- A EHE transmítese exclusivamente mediante a picadura de varias especies de mosquitos do xénero *Culicoides* spp.
- **Non é posible o contaxio entre animais nin tampouco o contaxio ás persoas**, nin por contacto cos animais enfermos nin pola picadura do mosquito transmisor.
- **O consumo de leite ou carne dos animais infectados non supón ningún perigo** para a saúde humana.
- Poden aparecer novos animais enfermos mentres o mosquito transmisor estea presente no ambiente (deixará de circular cando chegue o tempo frío, estimamos que a partir do mes de decembro aproximadamente).
- Se detecta máis animais enfermos coa mesma sintomatoloxía debe comunicalo de inmediato ao servizo veterinario oficial (SVO) da súa Oficina Rural (OR).
- Igualmente **debe comunicar ao SVO se algún dos animais afectados finalmente morrera na explotación**. Nese caso, e se vostede desexa solicitar unha posible indemnización pola morte do animal, deberá:
 - Comunicar o feito de inmediato na OR
 - No caso de que a explotación non fora xa visitada polo SVO para realizar toma de mostras cando comunicou a sospeita, o cadáver debe permanecer na explotación ata que o SVO visiten a súa explotación.

No marco do trámite administrativo de solicitude de indemnización deberá:

- Dispoñer dun certificado oficial veterinario que certifique a causa da morte e a súa relación ou non coa Enfermidade Hemorráxica Epizoótica
- Dispoñer do documento de traslado do cadáver á planta de transformación (Gesuga)

Esta documentación deberá anexala como documentación adicional no procedemento de código MR553C dispoñible na Sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal/portada>).

- **Utilice desinsectantes ou repelentes autorizados nos animais**, para protexelos fronte ao mosquito transmisor. Asesórese sobre os produtos a utilizar co veterinario de ADSG, veterinario clínico ou veterinario oficial.
- Realice unha **desinsectación periódica das instalacións** nas que están os animais. De ser posible instale mallas mosquiteiras con apertura de malla de 5mm ou menor impregnadas con insecticidas ou repelentes nas ventás, portas e outras posibles aberturas dos locais. Se a explotación carece de locais, intensifique o uso de repelentes nos animais.
- Manteña as **instalacións en bo estado de limpeza, e evite a acumulación de restos de materia orgánica (pensos, outros restos) ou zonas con lama**, lugares de preferencia para a cría dos mosquitos.

SE TEN CALQUERA DÚBIDA, CONSULTE AOS SERVIZOS VETERINARIOS OFICIAIS DA SÚA OFICINA RURAL